



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 3 - MAIO - 2005

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páx web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### NOVAS DO SECTOR

#### Saíu publicado o Borrador do Real Decreto que regula a identificación Individual das Especies de Ovino e Caprino.

OVICA está estudando dito borrador e súa adaptación ás especiais condicións do ovino e caprino en Galicia.

Así mesmo OVICA solicitou unha entrevista co Director Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para coñecer de primeira man cal será o modelo a seguir pola Xunta de Galicia na aplicación deste Real Decreto, ademais de ofrecerlle a súa colaboración para posta en marcha desta normativa.



Modelo simple de xaula de afillado.  
Manuel Rodríguez (Guntín - Lugo)

### ATAQUES DE FAUNA SALVAXE

#### OLLO iiiii

En caso de que sufras ataques de fauna no teu rebaño é imprescindible, para facer as reclamacións de danos, ter un informe oficial da existencia do ataque, serán os técnicos da consellería quen determine que animal salvaxe produciu o dano. É importante **non mover os animais mortos ata a chegada dos técnicos.**

Para certificar que se produciu o ataque chama á consellería de medio ambiente. **900 186 186.**



### ACTIVIDADES

#### Participación nas Comisións Provinciais de Avaliación por Danos do Lobo.

OVICA dirixiu, por segunda vez, un escrito á Consellería de Medio Ambiente solicitando a admisión da Asociación nas Comisións Provinciais de Avaliación por Danos do Lobo como representantes dos propietarios de gando ovino - caprino. Xa se dirixira un escrito solicitando a participación en ditas comisións no mes de novembro de 2.004 ó cal non tivemos contestación.

**III Curso Itinerante de ovino e caprino.** Técnicos do servizo veterinario de ovica participaron o pasado día 22 de abril nun curso de especialización en gando ovino - caprino en Benavente (Zamora).

Unha solución práctica e barata para as ovelas con pouco instinto de maternidade

### RAZAS - Verata.



Orixe: Raza autóctona española, situase principalmente nas provincias de Toledo, Ávila e Cáceres.

Producción: Carne e leite

Cualidades: Cabritos de boa calidade, Boa capacidade leiteira, Prolificidade (150-160%). Femia Poliestrica permanente.

### CURSO

#### **"Manexo e Explotación do Gando Caprino de Leite"**

Centro de Formación Agraria "Pedro Murias" Ribadeo - Lugo

Información no tfno. 982 13 10 17



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA - VARIOS

- Mércanse cabritas de reposición. Fermín (Xermade) - 679 890 628.
- Mércanse cabras e ovellas galegas. Antonio Carballo Balboa (Pontecaldelas) - 696 444 884
- Mércase máquina de rapar. Carlos Mourinho (Abegondo – A Coruña) – 625 32 05 54
- Mércanse cabritas de reposición. Manuel (Sarria) - 982 532 249
- Mércanse 2 machos de cabrún. Jesús (Cervantes) - 982 16 16 76
- Vende 9 cabras e 11 cabritos. Aurora (Lugo) - 982 16 06 93
- Búscase traballador para explotación de ovino. Maceda – Ourense – 988 43 86 05

### SOLICITUDES DE ALTA ABRIL – 2005

- Manuel Rodríguez Albar (Castrelo de Val - Ou)
- Dorinda Montes Veiga (Bande - Ourense)
- Dosinda Justo Álvarez (Monterrei - Ourense)
- M<sup>a</sup> Luisa Puente Vila (Monforte - Lugo)
- Manuel Vázquez López (Guntín - Lugo)

### INFORMACIÓN TÉCNICA

**Control da Reproducción.** Un bo control da reprodución permite mellorar diversos aspectos do rebaño.

**Aspectos Económicos:**

- Facer coincidir a época de maiores necesidades nutritivas e de abundancia de pasto.
- Produción de animais na época de maior demanda.

**Aspectos sanitarios e de manexo:**

- Vacinación contra a basquilla.
- Desparasitación interna.
- Desparasitación externa.

**Aspectos relacionados coa alimentación:**

- Posibilidade de aplicar “flushing” na época de monta.
- Adaptar a alimentación ás necesidades nutritivas dos animais.

**Lotes de parideira.** Pódense organizar 2 lotes de parideira. O lote 2 precisa de métodos de inducción do celo e da ovulación para obter os resultados desexados. Para o lote 1 simplemente compre **APARTAR OS MACHOS ENTRE O XUÑO E OUTUBRO.**

LOTE	MONTA	PARTO	VENDA
1	Outubro / Novembro	Marzo - Abril	Xullo - Agosto VERÁN
2	Abril / Maio	Setembro – Outubro	Decembro NADAL

### ADESTRAMENTO DE CANS PASTORES

OVICA e BIOCOOP organizan unha charla – demostración para gandeiros de vacún e ovino – caprino o día **15 de maio ás 18:00 horas na gandería de José Benito Gaiosos en Toro – Laza (Ourense).**

Estas xornadas teñen como finalidade amosar ós gandeiros as posibilidades de manexo do rebaño que ofrecen estes cans.

As demostracións irán acompañadas de unha exposición na que o adestrador Alejandro Ibarra Artús tratará de introducir ós asistentes nas técnicas de adestramento.



Así mesmo Alejandro Ibarra realizará unha exhibición en **Vilamaior, concello de Miño (A Coruña) o día 15 de maio ás 12:00 horas.**

### HUMOR

Cabatero



- Di o xornal que o monte é pasto do lume.
- Pois di o DOGA que se hai lume no monte quedamos 3 anos sen pasto.

EN TENDAS COLUGA ATA O 31 de MAIO de 2005  
CALOSTRO BOVINO LIOFILIZADO  
Bolsa de 5 xeringas + 1 xeringa de regalo = **49,99€**  
(Prezo con I.V.E.)

